



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN01	Audioloxía protésica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0199	Características anatomosensoriais auditivas	2024/2025	0	292	0
MP0199_22	Estudo audiolóxico infantil	2024/2025	0	52	0
MP0199_12	Características anatomosensoriais auditivas xerais	2024/2025	0	240	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SILVIA GUIMAREY VILA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0199_22) RA1 - Realiza estudos de audición infantil en relación coas características físicas e o desenvolvemento cognitivo do cativo ou da cativa.
(MP0199_12) RA1 - Describe as características anatomofisiolóxicas e patolóxicas xerais e do sistema auditivo e interpreta prescricións facultativas.
(MP0199_12) RA2 - Describe o equipamento audiolóxico e deseña o plan de mantemento.
(MP0199_12) RA3 - Realiza exploracións e probas audiolóxicas en persoas adultas, e xustifica as probas seleccionadas.
(MP0199_12) RA4 - Determina as posibilidades de corrección das perdas auditivas analizando as características anatomosensoriais da persoa usuaria e as indicacións clínicas das próteses auditivas.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0199_22) CA1.1 Descríbóñse as características xerais dos equipamentos, os instrumentos e os materiais utilizados nas probas audiolóxicas infantís.
(MP0199_12) CA1.1 Descríbóñse as características anatómicas relacionadas.
(MP0199_22) CA1.2 Descríbóñse as técnicas de cribaxe auditiva infantil e identifícase o programa de detección precoz da xordeira en Galicia.
(MP0199_12) CA1.2 Precísáronse os mecanismos fisiolóxicos e sensoriais relacionados.
(MP0199_22) CA1.3 Descríbóñse os estudos necesarios de audioloxía infantil.
(MP0199_12) CA1.3 Recoñécéronse as patoloxías xerais que inflúen na audición ou que teñen repercusión na adaptación protésica.
(MP0199_22) CA1.4 Realízouse a posta a punto do equipamento para a exploración.



Criterios de avaliación do currículo
(MP0199_12) CA1.4 Utilizáronse os termos médico-sanitarios básicos.
(MP0199_22) CA1.5 Seleccionáronse as exploracións e as probas necesarias na orientación audioprotésica.
(MP0199_12) CA1.5 Descríbóronse as características anatómicas do sistema auditivo.
(MP0199_22) CA1.6 Diferenciáronse as técnicas en función da idade.
(MP0199_12) CA1.6 Precísáronse os mecanismos fisiolóxicos e sensoriais do sistema auditivo.
(MP0199_22) CA1.7 Aplicáronse técnicas en función das características físicas e o desenvolvemento cognitivo.
(MP0199_12) CA1.7 Recoñecéronse as patoloxías otolóxicas asociadas á deficiencia auditiva.
(MP0199_22) CA1.8 Clasificáronse os tipos de perda auditiva e relacionáronse as desviacións obtidas nas probas audiolóxicas cos tipos de perda auditiva.
(MP0199_12) CA1.8 Interpretouse a prescrición facultativa.
(MP0199_22) CA1.9 Descríbóronse as implicacións de cada tipo de perda auditiva na selección, na adaptación e no rendemento de próteses auditivas infantís.
(MP0199_12) CA1.9 Rexistráronse os datos na historia clínica audioprotésica.
(MP0199_22) CA1.10 Interpretáronse os resultados obtidos.
(MP0199_22) CA1.11 Elaboráronse informes do estado auditivo.
(MP0199_12) CA2.1 Identificouse o instrumental de exploración.
(MP0199_12) CA2.2 Descríbóronse as características xerais e os elementos necesarios dunha cabina ou sala sonoamortecida para probas audiométricas.
(MP0199_12) CA2.3 Interpretáronse os elementos e os accesorios que constitúen os audiómetros.
(MP0199_12) CA2.4 Descríbóronse as características xerais dos equipamentos utilizados nas probas audiolóxicas obxectivas.
(MP0199_12) CA2.6 Determinouse a necesidade de calibraxe dos equipamentos



Criterios de avaliación do currículo
(MP0199_12) CA2.7 Deseñouse un plan de calibraxe dos equipamentos.
(MP0199_12) CA3.1 Realizouse e describiuse a exploración otoscópica
(MP0199_12) CA3.2 Realizáronse e describíronse as probas audiolóxicas subxectivas: técnicas acumétricas, audiometría tonal liminar, técnicas de audiometría supraliminar, probas de audiometría verbal e probas psicoacústicas.
(MP0199_12) CA3.3 Describíronse e realizáronse as probas audiolóxicas obxectivas.
(MP0199_12) CA3.4 Realizáronse e describíronse as probas de audioloxía laboral.
(MP0199_12) CA3.5 Rexistráronse os resultados das probas nos códigos internacionais.
(MP0199_12) CA4.1 Interpretáronse os datos obtidos na exploración e na historia clínica audioprotésica.
(MP0199_12) CA4.2 Clasificáronse os tipos de perda auditiva en función da localización da alteración anatomosensoorial que a orixine.
(MP0199_12) CA4.3 Relacionáronse as desviacións obtidas nas probas audiolóxicas cos tipos de perda auditiva.
(MP0199_12) CA4.4 Describíronse as implicacións de cada tipo de perda auditiva na selección, na adaptación e no rendemento de próteses auditivas.
(MP0199_12) CA4.5 Describíronse as principais contraindicacións morfolóxicas e funcionais para a adaptación de próteses auditivas.
(MP0199_12) CA4.6 Seleccionouse o formato e a gráfica de presentación dos resultados.
(MP0199_12) CA4.7 Interpretáronse os resultados da avaliación audiolóxica.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0199_22) RA1 - Realiza estudos de audición infantil en relación coas características físicas e o desenvolvemento cognitivo do cativo ou da cativa.
(MP0199_12) RA1 - Describe as características anatomofisiolóxicas e patolóxicas xerais e do sistema auditivo e interpreta prescricións facultativas.



Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0199_12) RA2 - Describe o equipamento audiolóxico e deseña o plan de mantemento.
(MP0199_12) RA3 - Realiza exploracións e probas audiolóxicas en persoas adultas, e xustifica as probas seleccionadas.
(MP0199_12) RA4 - Determina as posibilidades de corrección das perdas auditivas analizando as características anatomosensoriais da persoa usuaria e as indicacións clínicas das próteses auditivas.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0199_12) CA1.1 Descríbense as características anatómicas relacionadas.
(MP0199_12) CA1.4 Utilizáronse os termos médico-sanitarios básicos.
(MP0199_12) CA1.5 Descríbense as características anatómicas do sistema auditivo.
(MP0199_12) CA1.9 Rexistráronse os datos na historia clínica audioprotésica.
(MP0199_22) CA1.10 Interpretáronse os resultados obtidos.
(MP0199_12) CA2.1 Identificouse o instrumental de exploración.
(MP0199_12) CA2.2 Descríbense as características xerais e os elementos necesarios dunha cabina ou sala sonoamortecida para probas audiométricas.
(MP0199_12) CA2.3 Interpretáronse os elementos e os accesorios que constitúen os audiómetros.
(MP0199_12) CA2.4 Descríbense as características xerais dos equipamentos utilizados nas probas audiolóxicas obxectivas.
(MP0199_12) CA2.5 Realizáronse as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización do instrumental e do material.
(MP0199_12) CA3.1 Realizouse e describiuse a exploración otoscópica
(MP0199_12) CA3.2 Realizáronse e describíronse as probas audiolóxicas subxectivas: técnicas acumétricas, audiometría tonal liminar, técnicas de audiometría supraliminar, probas de audiometría verbal e probas psicoacústicas.



Criterios de avaliación do currículo
(MP0199_12) CA3.3 Descríbense e realizáronse as probas audiolóxicas obxectivas.
(MP0199_12) CA3.4 Realizáronse e describíronse as probas de audioloxía laboral.
(MP0199_12) CA3.5 Rexistráronse os resultados das probas nos códigos internacionais.
(MP0199_12) CA3.6 Aplícase o protocolo con rigor, orde, método e precisión.
(MP0199_12) CA4.1 Interpretáronse os datos obtidos na exploración e na historia clínica audioprotésica.
(MP0199_12) CA4.2 Clasifícanse os tipos de perda auditiva en función da localización da alteración anatomosenorial que a orixine.
(MP0199_12) CA4.3 Relacionáronse as desviacións obtidas nas probas audiolóxicas cos tipos de perda auditiva.
(MP0199_12) CA4.4 Descríbense as implicacións de cada tipo de perda auditiva na selección, na adaptación e no rendemento de próteses auditivas.
(MP0199_12) CA4.5 Descríbense as principais contraindicacións morfolóxicas e funcionais para a adaptación de próteses auditivas.
(MP0199_12) CA4.6 Selecciónase o formato e a gráfica de presentación dos resultados.
(MP0199_12) CA4.7 Interpretáronse os resultados da avaliación audiolóxica.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Segundo o establecido nos capítulos IV e V da ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, considéranse:

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Todos os criterios de avaliación da presente programación son considerados como mínimos esixibles.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas probas, pola persoa aspirante, ante o profesor do módulo:



- a) Primeira proba. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do CIFP Manuel Antonio.
- b) Segunda proba. As persoas aspirantes que superen a primeira proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá na realización de probas de diagnóstico auditivo, durante as cales o profesor/a avaliará unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor/a do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do CIFP Manuel Antonio.
- O profesor poderá excluír de calquera parte da proba do módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN:

1. A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante será numérica, entre un e dez, sen decimais.
2. A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.
3. As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as cualificacións finais alcanzadas do módulo no CIFP Manuel Antonio, consonte o procedemento establecido no artigo 45.2 da citada Orde do 12 de xullo de 2011. As referidas reclamacións deberán basearse nalgún dos seguintes aspectos:
 - a) A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación recollidos na correspondente programación.
 - b) Os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación.
 - c) A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación para a superación das partes da proba do módulo profesional non foi correcta.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Proba baseada nunha mostra significativa dos criterios de avaliación do módulo, con preguntas tipo test e/ou preguntas curtas e imaxes. Nas preguntas tipo test restará unha ben por cada dúas mal.



4.b) Segunda parte da proba

Realizaranse diversas probas de estudo e diagnóstico das características anatomosensoriais auditivas a un paciente, seguindo as instrucións indicadas polo/a profesor/a avaliador/a. Consistirá no plantexamento de supostos prácticos, utilización de instrumental, e/ou realización de probas audiolóxicas, interpretando os resultados obtidos.